



Asunto: Xornada escolar

Referencia: SXOIASE

Destinatario: Confederación ANPAS Galegas

Recibido escrito na Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional no que se denuncia *“intención dalgunhas direccións de centros de ensino de prorrogar a implantación da xornada única do actual curso escolar”* e que existen *“o cumprimento da normativa no que se refire ao procedemento do cambio de xornada, e a inmediata recuperación das xornadas ordinarias aprobadas en todos os centros educativos galegos.”*, se lle informa que,

Con data 29 de setembro de 2020 se publica a Resolución da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional sobre a autorización excepcional de horarios polas Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, mediante a que, ante as solicitudes de diferentes centros para a adecuación do horario ou xornada lectiva para poder preservar as medidas preventivas e organizativas, se habilita ás xefaturas territoriais para autorizar, despois da aprobación do Consello Escolar e informe do Servizo Territorial de Inspección, excepcionalmente e duración limitada ao período ao que obrigue a situación de risco motivada pola pandemia ocasionada pola COVID-19, a modificación da xornada escolar.

Esta medida permitiu nestes centros educativos unha mellor organización das entradas e saídas, evitando aglomeracións nos centros educativos e limitar as concentracións en varios períodos diarios.

Para o curso 2021-2022 se publicou no DOG con data 4 de xuño de 2021 a Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. que establece no punto 5 do artigo 3 que *“A xornada matinal nos centros que a tivesen concedida pola xefatura territorial para os meses de xuño e setembro do ano académico 2020/21 considérase prorrogada para o curso 2021/22 nos mesmos termos, sempre que non varíesen as circunstancias en que foi concedida. Quedan excluídas as autorizacións excepcionais que se realizaron ao abeiro da Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional sobre a autorización excepcional de horarios polas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.”*

Polo que aqueles centros que durante o curso 2020-2021 tiveran unha autorización excepcional da xornada matinal por parte da Xefatura Territorial, terán que recuperar o seu horario habitual e, no caso de considerar oportuna a xornada continua, deberán realizar os trámites establecidos na Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados.

En Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Iván Mira Fernández

Subdirector Xeral de Ordenación, Inspección e Avaliación do Sistema Educativo

